



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE XULLO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García , D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinteoito de xullo do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo. Seguidamente polo mesmo se indica que no mes de agosto a celebración da sesión plenaria ordinaria no carto luns de mes coincide co luns de Naseiro; polo que lle parece máis doado a súa celebración na segunda convocatoria co que tería lugar, en principio, no xoves vinteoito de agosto.

**1º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN CONTRA DA XORNADA
SEMANAL DE 65 HORAS, RECOLLIDA NA DIRECTIVA DA UNIÓN
EUROPEA.**

Polo Sr. Alcalde expónse que unha pantasma percorre Europa, que dí é o que despois de tantos anos de loitas e consolidación da xornada semanal laboral de corenta horas e o recoñecemento do dereito de ocio se propon na Unión Europea unha xornada laboral semanal máxima de sesenta e cinco horas. Indicando a seguir que en Alemaña é de 44 horas semanais, sendo España dos poucos países que dende o ano 1986 ten legalmente fixada a xornada laboral semanal de 40 horas, lendo a seguir o texto da moción e explicando que o motivo de mencioar as 48 horas semanais é debido a regulación europea,



non obstante que no noso país rexe a dita de 40 horas. Que o motivo de traer ao Pleno este asunto que é un tema de Estado radica no interese lexítimo da defensa deses dereitos.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do voceiro do P S de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor que se amosa de acordo co dito polo Alcalde.

A do voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí van a apoiar a Moción por pura loxica xa que no mesmo sentido se manifestaron os respectivos representantes parlamentarios do PSOE e PP, engadindo que para realizar semellante xornada semanal de 65 horas, nun computo por meses se chegaría dí a xornadas de 11 horas.

A do concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que sinala que a moción presentada por el mesmo máis tarde da convocatoria do pleno, coincide con todo o texto excepto co punto 1.

A do concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí non vai votar esta Moción porque en Europa se abstiveron cando se fixou a xornada en 48 horas. Que queren legalizar o que se está a levar a cabo.

Finalmente o S. Alcalde dí que en España por Ley se cifra a xornada laboral semanal en 40 horas. Que como xa dixo na UE se establece como máximo en 48 horas,. Que no afecta a España porque xa a tiña establecida en 40 horas. Que o problema dí, virá despois, coa competencia de aqueles Estados que eventualmente teñan unha xornada superior.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por maioría de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE, PP e BNG) e unha abstención (IU-EU) acorda aprobar a moción da Alcaldía, que textualmente transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Ministros de Traballo da Unión Europea veñen de aprobar, ampliar ata as 65 horas á semana a xornada máxima laboral, rachando co marco consagrado pola OIT hai 91 anos.

A iniciativa de aumentar a xornada laboral máxima atopábase paralizada dende hai tres anos pola oposición de países como España, Francia e Italia, principalmente, que exercían a minoría do bloqueo.

Cos cambios políticos e de goberno, operados nalgúns dos países membros, primeiro Italia e, posteriormente, Francia, abandonan este fronte de defensa do dereito social e súmanse, a esta iniciativa tan regresiva.

Coa nova directiva do tempo de traballo conságrase o opt-out británico que veu permitindo a posibilidade de pactar entre o empresario e o traballador o tempo de traballo.

Pois ben, tal cláusula, xa aplicada en Gran Bretaña evidencia as consecuencias desastrosas do uso masivo da mesma, onde máis de cinco millóns de traballadores realizan máis de 48 horas semanais, todas as semanas do ano.

Coa proposta que pretende saír adiante, permitírase aos Estados membros modificar a súa lexislación e consagrar a posibilidade de ultimar acordos individuais entre



traballadores e a empresa, sobre a duración da xornada máxima de traballo, ata un máxima de 60 horas semanais con carácter xeral, e de 65 horas nos casos especiais como o dos médicos, onde, de saír adiante a Directiva, permitirase que o tempo de período inactivo das gardas médicas non sexan consideradas como tempo de traballo, en contra do que, coa actual normativa, ten xa dictaminado o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Tempo que, ademáis, ao computarse como promedio ao longo de tres meses, podería significar acadar xornadas de ata 78 horas semanais.

O deixar en mans do pacto indivual entre o traballador e o empresario a posibilidade de aplicar a proxectada norma, para os Socialistas, en xeral e, para os socialistas galegos, en particular, supón renunciar a toda a historia legal e de loita social colectiva, e actuaría fragmentando o mercado e creando no corazón de Europa un conxunto de prácticas laborais ata o de agora só vixentes máis alá do Atlántico e do Pacífico.

En definitiva, supón desandar os avances logrados nos últimos dous séculos de avance social, é un retroceso sen precedentes ata o de agora; suporía abrir o camiño que só conduce ao dumping social.

Sen esaxeración, aceptar tal principio é tanto como aceptar que as normas sociais son voluntarias (é dicir, que non son normas) e que a Europa Social é so un adorno retórico sen virtualidade no mercado único.

Pese a todo, o Goberno de España, segue a manter a súa frontal oposición á Directiva que suporía, en palabras do propio Ministro de Traballo unha “auténtica regresión social”, para os Socialistas de Galicia é preciso sumar esforzos e voces en contra da mesma para evitar o retroceso que e mesma supón aos inicios do capitalismo máis salvaxe da revolución industrial, e é por ilo que se fai preciso poñer todos os nos esforzos para evitar a súa final aprobación.

O Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que este adopte o seguinte ACORDO:

1.- O Concello de Viveiro expresa a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na Constitución, como medio para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral.

2.- O Concello de Viveiro expresa o seu rexeitamento á proposta da directiva da Unión Europea que pretende ampliar o tempo máximo de traballo semanal a 60 horas con carácter xeral e 65 horas en determinados sectores, pois supón socavar os cimentos do dereito laboral comunitario, expresando, igualmente, o seu apoio ao actual tempo de 48 horas, que ven rexendo as relacións laborais no noso contexto legal dende 1917.

3.- O Concello de Viveiro insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para defender no seo da Unión Europea o posicionamento contrario á proposta dos



Ministros de Trabajo da Unión Europea sobre o incremento da xornada laboral máxima semanal.

4.- O Concello de Viveiro insta á Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España que emprenda as iniciativas oportunas no ámbito comunitario de cara a manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva como vía para alcanzar acordos no ámbito laboral.

5.- O Concello de Viveiro insta ao Parlamento Europeo a tomar as medidas adecuadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva para lograr acordos laborais.”

2º.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía

3º.-ROGOS E PREGUNTAS

Polo Sr. Alcalde, sinálase que non se presentaron coa antelación preceptiva rogos ou preguntas polo que se non hai intervencións non se trata este punto.

Non se producen intervencións.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte horas e corenta minutos esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.